



CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

Programación DIDÁCTICA

CANTO

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

INDICE

Introducción	3
Marco Lexislativo.....	5
Obxetivos xerais – lexislativos	6
Obxetivos específicos – lexislativos	7
Obxetivos xerais no canto.....	8
Contidos xerais	9
Avaliación	11
Criterios xerais de Avaliación	12
Criterios de cualificación	13
Metodoloxía	14
Recursos Didácticos.....	15
Materias de Estudio	15
Estudios Auxiliares	16
Necesidades Educativas Especiais e Atención a Diversidade	17
Transversalidade.....	17
Actividades complementarias-extraescolares.....	18
Material didáctico	18
A Especialidade e os Idiomas aplicados ao Canto.....	.18
Desenrrolo da actividades educativa con alerta sanitaria.....	19
Pruebas de acceso	20
1º Curso G. Profesional	24
2º Curso G. Profesional	27
3º Curso G. Profesional	30
4º Curso G. Profesional	33
5º Curso G. Profesional	35
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO	2

INTRODUCCIÓN

A música é unha arte que en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dun mediador entre o creador e o público a que vai destinado o produto artístico; este mediador é o interprete.

Correspondelle ao cantante ese traballo de mediación, correcto entendemento do texto, un sistema de signos, recollidos na partitura, linguaxe expresiva dos afectos, emocións a transmitir a súa mensaxe.

A tarefa do cantante no é so aprender a ler a partitura senon penetrar na obra para poder apreciar o seu valor estético e desenvolver o manexo do instrumento para que o texto musical adquira a súa plena dimensión da mensaxe e trasmitilo.

O cantante debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permita alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda a súa voz a través da técnica.

O dominio dos problemas de execución que ten o repertorio é unha tarefa prioritaria que absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. Terase moi en conta que o traballo técnico debe estar unido na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle.

E necesario, imprescindible, que o cantante valore a importancia da memoria na súa formación como intérprete, non tendo necesidade absoluta de cantar sen axuda da parte escrita, supoñendo un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura para centrar a toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunca realización musical e expresivamente válida.

A formación da sensibilidade musical constitúe un proceso continuo, alimentado polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. Contribúen tamén os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao cantante situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

A formación do cantante é unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel as facultades físicas, psicomotrices e a progresiva maduración persoal, emocional e cultural.

As condicións para o ingreso nos estudos de Canto non poder ser as mesmas que para a práctica do resto de instrumentos, nos que os alumnos poden acabar o Grao Elemental a os 12 anos e ingresar mediante a Proba de Acceso ao Grao Profesional nesa idade. Ademais xa fixeron uns estudos de certo nivel (4 cursos de Grao Elemental)

O inicio da educación profesional da voz require dunha madurez física e psicológica que no home non sole darse antes dos 18 anos. No caso da muller dase entre os 12 e 15 anos, polo que a os 16 podese iniciar una actividade vocal continuada.

No inicio dos estudos de Canto, é conveniente unha revisión inicial do aparato fonador por un especialista, que dé ao profesor unha idea do estado do aparello vocal, dos posibles desarranxos e o coñecemento da que a laringe está o suficientemente madura para unha actividade vocal continuada.

Tamén é recomendable a revisión periódica do aparello fonador para seguir a boa marcha do estado de saúde vocal e asegurarse de ca actividade na clase (ou fora dela) no é perjudicial para o alumno/a.

MARCO LEXISLATIVO

Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxetivos, as competencias básicas, os contados e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, culla finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006 do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

Asimesmo, a presente disposición regula os criterios de acceso as ensinanzas profesionais de música.

O presente decreto é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios profesionais de música e nos centros autorizados de música que consten coa autorización para a impartición do grao profesional de música.

OBXETIVOS XERAIS DAS ENSIANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

(Art. 3º Decreto 263/2007)

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:
 - a. Habitarse a escoltar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
 - b. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético mo fonte de formación e enriquecemento persoal.
 - c. Analizar e valorar a calidade da música.
 - d. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos surtidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
 - e. Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
 - f. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
 - g. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
 - h. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS DAS ENSEÑANZAS PROFESIONAIS
DE MÚSICA
(Art. 6º Decreto 263/2007)

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

1. Superar con dominio e capacidade crítica os contados e os obxetivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
2. Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
3. Utilizar o oído interno como base da afinación da audición harmónica e da interpretación musical.
4. Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
5. Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
6. Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
7. Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
8. Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
9. Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
10. Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
11. Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, aprofundando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
12. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

OBXETIVOS XERAIS NO CANTO
(decreto 203/2007 do 27 de setembro)

As ensinanzas de canto dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

1. Demostrar un control suficiente do aire mediante a respiración diafragmática que posibilate unha correcta emisión, afinación e articulación da voz.
2. Coñecer as características e posibilidades da propia voz (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas, etc.) e saber utilizalas correctamente na interpretación.
3. Empregar a fonética adecuada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto.
4. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
5. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación coa voz.
6. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

CONTIDOS XERAIS **(Decreto 203/2007 do 27 de setembro)**

En progresión crecente de dificultade según o curso, os contados serán os seguintes:

- **Técnica Corporal:** Anatomía e fisioloxía do aparello vocal. Función e disfunción. Problemas típicos. Exercicios de relaxación e toma de conciencia corporal. Exercicios de fortalecemento e flexibilización da musculatura implicada na fonación. Uso dos articuladores faciais. Exercicios de sensibilización e adestramento dos articuladores. Musculatura larínxea e perilarínxea. Desprazamentos larínxeos. Concepto de eutonía. Exercicios para a toma de conciencia dos diferentes estados musculares. Adestramento do ton xusto na práctica respiratoria e da emisión do son. Concepto de alineación vertical. Técnicas de reeducación postural. Desenvolvemento da precepción corporal en canto as sensacións fonatorias, conexión entre a sensación corporal, audición e percepción do son. Expresión corporal. Técnica dramática para a adecuada posta en escena. Visualizacións en vídeo de óperas e concertos.

- **Técnica respiratoria:** Anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio. Función e disfunción. Problemas típicos. Tipos de respiración. Exercicios de toma de conciencia e adestramento para o fortalecemento e flexibilización da musculatura respiratoria. Posturas facilitadoras da correcta respiración. Técnica do apoio do son na espiración. Exercicios de respiración. Mezza voce, filados, picados, picados-legato, Etc. Concepto e práctica de cantar “co aliento”.

- **Emisión e Proxección da Voz:** Anatomía e fisioloxía do aparello emisor-resonador. Función e disfunción. Vocalizacións e Técnica de emisión e proxección da voz: Exercicios de adestramento vocal e auditivo en dificultade progresiva, comenzando por exercicios que favorezan a emisión libre de tensións innecesarias e que estimulen o uso dos resonadores faciais. Exercicios ligados e picados. Axilidades. Exercicios de intensidade e gradación do son vocal. Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz. Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a consecución do máximo de fiato. Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais. Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias. Cromatismos. Vocais claras e escuras, diversos tipos de consonantes. Exercicios para a flexibilización dos articuladores. Exercicios para a homoxeneización do timbre ao longo da tesitura. Exercicios para a resolución técnica de pasaxes de dificultade que aparecen en obras de repertorio. Ataque-finalización do son. Vocalizacións con fonemas dificultosos das diferentes linguas. Mezza di voce. Exercicios para a procura e práctica de diferentes cores vocais. Práctica dos rexistros. Práctica das diversas formas de ornamentación. Diferenciación das diferentes

calidades do son, puntos de apoio do son. Uso dos articuladores do son. Adestramento para a toma de conciencia e progresivo dominio das diferentes accións implicadas no canto. Exercicios para o uso dos resonadores. Exercicios para o favorecemento da posición larínxea adecuada. Audición analítica de diferentes intérpreters para o recoñecemento de diferentes calidades do son. Funcios do veo do paladar. Exercicios de aumento de presión subglótica. Problemas vocais usuais, forma de abordar a súa resolución, etc... Prevención e coidado da voz

- **Aspectos Musicais-Estilísticos:** Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico-vocal. Estudo dun repertorio que deberá incluír cancións e arias españolas e italianas antigas, cancións de concerto españolas, cancións latinoamericanas, italianas, alemán e francesas, romanzas de zarzuela e ópera española e estranxeira e arias de oratorios ou cantatas. Estudo do repertorio propio do patrimonio galego. Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións. Análise de audiciones de diferentes estilos e épocas musicais. Análise caracterolóxico dos persoaxes que recrean as obras do repertorio de teatro lírico de cada alumno.
- **Outros:** Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da lectura a vista. Práctica de conxunto. Síntomas do medo escénico.

AVALIACIÓN

Ao inicio do curso realizarase un estudo do estado de partida do alumno/a, analizando as aptitudes vocais, obxetivos alcanzados, no caso de alumnos que xa han comenzado anteriormente o estudo do canto e a actitude do alumno.

No caso de alarma sanitaria, realizarase unha avaliación inicial durante a primeira semana do curso escolar que comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Realizaremos, fronte a este estado de partida un programa individual e adecuado a cada uno deles, aplicando as materias correspondentes a cada curso.

Tendremos en conta para a avaliación continua durante o curso:

- **Utilizar o esforzo muscular e a respiración adecuados as esixencias da execución vocal.** A capacidade de asimilación das materias de respiración, emisión, articulación necesarias para a emisión da voz cantada, dando a expresividade correspondente a cada obra musical dentro de cada estilo e época.
- **Utilización correcta dos idiomas a estudo correspondentes a cada curso.** Interpretación das obras realizadas sobre cada un dos idiomas- italiano-alemán-francés e inglés. Estudo dos distintos textos literarios dentro de cada época.
- **Análisis das obras comprendidas dentro do repertorio**, así como a lectura a primeira vista das mesmas ao principio de seu estudo.
- **Interpretación correcta do repertorio requerido a cada curso, atendendo a cada estilo e época correspondente.** Escenificación dalgunha delas.
- **Realización de audicións** durante o curso dentro do conservatorio, valorando a relaxación ante o público así como a asimilación das materias aplicadas directamente ao canto.

- **Hixiene da voz e control da estrutura e postura corporal.** O equilibrio correcto hacia unha correcta emisión
- **No último curso de grado medio,** ante público do propio conservatorio e externo, **realizárase un concerto** interpretando diversas obras do repertorio marcado para o último ciclo de grado medio, con unha duración máxima de 45 minutos e con un pequeno descanso no medio de 10 minutos.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DOS ESTUDOS DE CANTO

1. **Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución.** Pretendese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os esforzos musculares que require a execución e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
2. **Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.** Avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
3. **Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz.** Avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico da voz e a utilización das súas posibilidades.
4. **Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.** Avalía a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
5. **Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o canto.** Avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura a primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación ca voz aplicando os coñecementos adquiridos.
6. **Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.** Avalía o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio da súa voz e das obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
7. **Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.** Valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

8. **Mostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.** Avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
9. **Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.** Comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
10. **Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.** Avalía a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

A avaliación farase mediante o procedemento de avaliación continua, a través dun continuo diálogo entre profesor e alumno sobre o rendemento e a evolución no proceso de aprendizaxe. Observarase trimestralmente a ficha do alumno onde quedou registrada a avaliación-diagnóstico inicial e valorarase o grao de consecución obtido dos obxectivos prefixados. Farase tamén unha análise dos exercicios realizados, beneficios obtidos, carencias, etc... e logo de realizar a devandita análise fixaranse obxectivos, contados e estratexias a seguir para o seguinte trimestre.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Con carácter trimestral farase entrega a cada alumno dun boletín de notas, mediante cualificación numérica de un a dez, considerándose cinco como aprobado, e haberá unha avaliación final.

As audición e traballos teóricos – A participación nas audicións será de carácter obrigatorio, polo menos unha vez ao trimestre. Só poderán acceder a ela aqueles alumnos que cumpran a programación correspondente. Realizaranse traballos teóricos sobre temática relacionada co canto, Baixo a supervisión do profesor-titor, e que tamén serán de carácter obrigatorio, e serán tidos en conta para a nota final do curso. Deberán ser entregados antes do 1 de Maio, como data límite. Na programación do curso explícanse as condicións e características destes traballos.

METODOLOXÍA

Ca base dos principios metodolóxicos suxeridos no decreto 203/2007, do 27 de setembro, que nos enmarca levarase a cabo unha educación personalizada, dirixida a persoa, como ser individual, coas súas dificultades e peculiaridades particulares. Flexible co fin de adaptarse a devandita persoa, considerando o momento concreto en canto a madurez emocional e intelectual así como musical e artística. Así mesmo, o encadre pedagógico estará sometido en todo momento as leis do aprendizaxe mais fundamentais para un bo aproveitamento das clases. Partirase do concepto de profesor-guía, que aporte a súas observacións e análises cualificados, así como solucións concretas a problemas e dificultades concretas, pero desde a achega e nos desde a imposición dos propios criterios. Trátase de acompañar e orientar no proceso, corresponsablemente cun alumno adulto que deberá incrementar paulatinamente o seu grao de receptividade e a súa capacidade de desposta aos problemas técnico-interpretativos que se lle presenten. O profesor aportará recursos e técnicas ao alumno, pero será este último quen deba practicalas, adaptalas a se mesmo e adestralas, e tamén perfeccionalas e amplialas se é posible.

Por tratarse dunha carreira artística estimularanse no alumno a súa creatividade e a súa autonomía, considerando así mesmo que os alumnos de canto son persoas adultas. Por iso a metodoloxía seguida tratará de dotar ao alumno, na medida do posible, de criterios propios na valoración dos seus progresos. Unha educación baseada na colaboración mutua, no permanente diálogo entre profesor e alumno/a, na que o alumno/a poida tomar unha posición activa e responsable, desde o principio, no só como discente, senón como persoa que pode ter as súas propias opinións sobre o proceso de aprendizaxe que desenvolve.

A nosa meta será conseguir que o alumno/a goce coa súa propia voz. Desde o comenzo da súa aprendizaxe trataremos de inculcar o sentido da relatividade e da temporalidade na visión e análise do son vocal producido. Deberá desenvolver actitudes como a paciencia, así como a inquietude o vontade de saber máis. Se graduará polo tanto a dificultade do repertorio en función do nivel do alumno e das posibilidades ao seu alcance nun breve prazo de tempo.

Ao comenzo de cada ano académico, realizaremos unha avaliación-diagnóstica completa que permita orientar o traballo con cada alumno e da que lle faremos partícipe, nela teremos en conta os aspectos e as áreas de primordial interese. Fomentaremos no alumno o desenvolvemente dunha actitude de investigación persoal para lograr a máxima beleza do seu son vocal na execución das súas obras, aplicando criterios estéticos fundamentados unha cultura artística e musical adecuadas. Tamén trataremos de colaborar desde os comenzos a expresión emocional do alumno, axudando a canalizar a súa emoción e conectada coas sensacións corporais e a técnica vocal aplicada.

En clases individuais dunha hora semanal de canto, os alumnos farán exercicios específicos de técnica vocal (que incluírán técnica respiratoria e corporal ademais de emisión). Así como interpretación das obras indicadas polo profesor. Estas traballaranse desde os diversos punto de vista:

- Técnica vocal
- Musical e Estilístico

- Idioma
- Interpretativo-Dramático

En caso da alerta sanitaria e en relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua.

A formación por medios telemáticos poderanse ampliar tendo en conta os posibles escenarios establecidos no punto oito da Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19. Neste sentido, a ampliación do número de horas de formación por medios telemáticos poderanse aplicar, xa sexa para un certo número de alumnos/as que deban permanecer illados, en corentena, ou para un ou varios grupos completos.

RECURSOS DIDÁCTICOS

- Audicións comentadas para a escoita comparada de diversas versión e análise crítica dos diferentes aspectos.
- Realizaranse tamén gravacións en audio e vídeo, das súas clases para comprobar a súa evolución, ademais de favorecer así a integración das sensacións internas co son real escoitado dende fora. Uso do espello.
- Audicións públicas nas que poder expor o traballo do curso ante o público e gravada en vídeo, para un posterior visionado da mesma, co fin de realizar unha análise crítica dos aspectos traballados durante o curso.
- Actividade de exploración vocal: Relaxación, disociación dos diferentes músculos e articuladores que afecten a calidade sonora. Lectura de textos de anatomía e fisioloxía vocal e sobre o uso do corpo.

MATERIAS DE ESTUDIO

- A estrutura corporal - Postura corporal correcta.
- A respiración- Anatomía e fisioloxía. Mecanismo da respiración no canto e autoobservación– Interpretación-respiración Exercicios
- A relaxación – O sistema nervioso - Métodos – Exercicios

- A función fonatoria – Anatomía e fisioloxía. A larinxe – Fonación na voz cantada
- A Resonancia- Anatomía e fisioloxía - resonancia de cabeza e pectoral
- As vocais e as consonantes – Articulación da voz – o vibrado da voz.
- Emisión – Ataques, messa di voce, reguladores de intensidade, legato, picado.
- A impostación da voz – Incidencia nasal.
- Clasificación das voces: criterios, extensión, registros, tesitura, zona de pasaxe.
- Hixiene na voz
- Linguaxe musical – lectura a primeira vista - análise musicales– sintaxis-fraseo.
- Idiomas – Castelán-Galego-Italiano-Alemán-Francés e Inglés- Estudo de los textos poéticos
- Audicións – Diferentes épocas e estilos na historia do canto a través de diversos intérpretes.
- Puesta en escena – Interpretación do repertorio sobre cada un dos seus estilos.

ESTUDOS AUXILIARES

Recomendase aos alumnos que como complemento ao estudo do canto realice os seguintes pasos:

- Historia da música – Relacións históricas correspondentes a cada época, así como a sua vinculación ca música.
- Audicións de diferentes intérpretes e épocas, así como diferentes formas musicais vocais e instrumentais.
- Análisis dende distintas formas das obras a estudo de cada curso.
- Realización de cursos sobre técnica e exercicios de respiración (Yoga)

- Realización de cursos de expresión corporal e relaxación.
- Realización de cursos de interpretación dramática (teatro).
- Realización de cursos de interpretación estilístico-musical.

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS OU ESPECÍFICAS E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Na LOE se definen as necesidades educativas especiais no artigo 73 da Sección Primeira do Título II. No punto 8 do artigo preliminar, expón que as ensinanzas artísticas adaptaránse aos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo. Dita adaptación garantizará o acceso, a permanencia e a progresión de este alumnado no sistema educativo.

As Administracións Educativas adoptarán as medidas oportunas para a adaptación do currículo as necesidades dos alumnos con minusvalías. En todo caso ditas adaptacións deberán respetar no esencial os obxetivos fixados no presente decreto.

En tempos de alerta sanitaria, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

TRANSVERSALIDADE

Queremos definir a transversalidades cos seguintes:

- 1.- Educación moral e para a convivencia.
- 2.- Educación para a paz
- 3.- Educación para a igualdade – Educación Plural.
- 4.- Educación para a saúde.
- 5.- Educación cívica e vial.
- 6.- Educación para o consumo.
- 7.- Educación medioambiental.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES

Será de particular interese a asistencia dos alumnos a concertos-recitais, en directo, para iso tratarase de promovelos, mediante a información dos concertos máis interesantes.

Tamén se informará de cursos de perfeccionamento, relacionados coa especialidade, seminarios, conferencias, concursos, etc.

Dende o departamento tratarase de coordinar audicións de música de cámara de maneira que os alumnos poidan ampliar os seus criterios interpretativos e a colaboración con outros instrumentos distintos do piano.

Tratarase de conseguir tamén que os alumnos de canto poidan asistir a actividades complementarias de formación, mediante cursos que organice o propio departamento do conservatorio como outros que se organicen nos demais ámbitos educativos próximos.

MATERIAL DIDÁCTICO PARA A CLASE DE CANTO:

E moi recomendable dispoñer na clase dos seguintes elementos:

- Unha aula espaciosa con boa ventilación con piano de ½ cola ao menos para as sesións de Interpretación, tamén unha aula diferente para os ensayos con pianista acompañante con piano de ½ cola.
- Equipo de sonido con todo o que conleva hoxe en día, ademáis será moi convenende dispoñer dun MINI-DISC para facer grabacións fiables dalgunhas sesións así como das Audicións dos alumnos.
- E recomendable poder contar con un video e reproductor de Vds. E poder conectar coa red de Internet. Eso posibilitaría a consulta de paxinas de interese para a clase de canto co alumno no momento (como por ej. “Kareol” para a tradución de textos de partituras en diferentes idiomas), violando fragmentos de ópera, clases de canto, etc...
- Un espello de corpo enteiro cerca do piano para as sesións de Técnica Vocai e Interpretación.
- Mesa con caixóns e armaria para guardar material, pizarra.
- Archivadores para clasificar repertorio (para terlo a man durante o curso)
- Dicionarios de idiomas e Bibliografía especializada con acceso na Biblioteca.

A ESPECIALIDADE E OS IDIOMAS **APLICADOS AO CANTO**

Ao plantexarse o estudio do Italiano en 1º e 2º, Alemán en 3º e 4º, Francés e Inglés en 5º e 6º, fundamentalmente por razón do repertorio que abórdanse en cada un deles (sobre todo o que respecta á Chanson e o Lied), convén puntualizar que dende o punto de vista do Canto, e preciso poner atención nos seguintes aspectos:

- Coñecer a fonética de cada un dos cursos, como para poder declamar, cantar, e saber o significado do texto, mediante a modulación e dicción adecuadas. Elo conleva a profundización na fonética a través dos signos que a representan en cada caso.
- Ter criterios para traducir o texto con sentido e fidelidade no posible hacia o orixinal, sen a perda da profundidade poética dos contenidos, na medida do posible, detectando as palabras ou expresións que puntualmente poidieran ser un hito na expresión do texto...

En este sentido cabe apuntar a conveniencia dunha tradución o máis estricta posible ao sentido orixinal do idioma no que se trate.

Cuando se plantexe a dificultade engadida de textos orixinais en idioma antigo (por ex. dialectos italianos, inglés arcaico en Oratorios) os alumnos podrán solicitar axuda ao profesor de Idiomas para ser guiados, e documentarse nas fontes históricas e filolóxicas.

O propio Profesor de Idiomas fixarán Objetivos, Contenidos e Criterios de Evaluación

DESENRROLO DA ACTIVIDADE EDUCATIVA NA ALERTA **SANITARIA**

No presente curso 2021 / 2022 contemplarase o disposto nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021 / 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, así como o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021 / 2022.

Realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitirán identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.

A programación contempla o ensino presencial. No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplarase o ensino semipresencial ou non presencial. Nestes casos seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexuízo das adaptacións que se consideren chegado o caso.

No caso de que un alumno, alumna ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, as clases desenvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno/a tiña asinado anteriormente. Para a realización destas clases, utilizaranse as aplicacións da plataforma Google Workspace activadas polo centro. Utilizaranse, se é o caso, a dixitalización de partituras, gravacións de audio e vídeo tanto polos docentes como polo alumnado e a comunicación co alumnado por medio do correo electrónico corporativo.

Seguindo as indicacións do profesor, na parte práctica da materia, o alumnado enviará arquivos de vídeo ou audio coas tarefas propostas ao correo electrónico corporativo do profesorado. No caso das tarefas teóricas, o alumnado realizará os traballos correspondentes e enviará un arquivo de imaxe ou pdf ao correo corporativo do profesor. O alumnado respectará os prazos, formatos e protocolos establecidos. Nas vídeo conferencias para as clases non presenciais, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio acendidos, agás nos casos que as deficiencias técnicas non o permitan.

Os procedementos de avaliación serán os dispostos na programación, xa que tanto no caso de ensino presencial como non presencial, considérase que se poden manter os contidos e obxectivos reflectidos na mesma.

DEPARTAMENTO DE CANTO

PRUEBA DE ACCESO A GRADO PROFESIONAL

Dado ca especialidade de canto iniciase directamente no Grao Profesional a exigencia da proba reducirase a valoración dos candidatos basándose nas aptitudes para iniciar ditos estudos.

Recomiendase que para iniciar estes estudos a idade correspondente para as mulleres será de 15 anos e de 17 para los homes.

A realización do exercicio de interpretación para o acceso a calqueira dos cursos de Grao Profesional será pública.

Para o inicio en 1º curso de Grao Profesional,

A proba de canto, ademais da proba de Linguaxe Musical, reducirase a :

- Interpretación de 3 obras cantadas de diferentes estilos: 1 será de repertorio lírico y 1 será interpretada de memoria.

Con o sin acompañamento instrumental (preferentemente con acompañamento) co fin de observar as cualidades do aspirante, o seu grao de dominio do Linguaxe Musical e a súa aplicación na interpretación, así como a súa posible capacidade interpretativa.

Como é sabido a ponderación da parte correspondente ao instrumento (neste caso a voz) constitúe o 70% da proba, quedando o 30% restante para a parte de Linguaxe, debendo o aspirante superar cada unha das probas por separado, ao menos un 5 (sobre 10).

Repertorio orientativo:

Arias antigas italianas arranxadas por Parisotti

Criterios de avaliación:

En dita proba, polo que respecta ao Canto, sopesaranse os aspectos musicais básicos para a iniciación en calqueira instrumento:

- Afinación
- Medida e manexo do tempo.
- Elementos do fraseo en relación co aire e a respiración, así como a delimitación de frases ou motivos.
- Cualidades da voz (timbre, cor, amplitude)
- Interpretación e elementos de técnica.

Valorarase unha lista por orde de puntuación de maior a menor.

Para o inicio en 2º curso de Grao Profesional:

El aspirante presentará un programa según lo explicitado en Contenidos para el 1er curso.

Repertorio orientativo:

Arias antigas arranxadas por Parisotti.

Cancións españolas de Lorca, Obradors, Granados, Falla, Groba, Juan Montes, Gaos, Baldomir, etc.

Criterios de avaliación:

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación, adecuados ás esixencias da execución vocal.
- Demostrar o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.
- Interpretar obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética.
- Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade
- Comunicativa e calidade artística.

Para o inicio en 3º curso de Grao Profesional:

El aspirante presentará un programa según lo explicitado en Contenidos para el 2º curso.

Repertorio orientativo:

Arias antigas arranxadas por Parisotti.

Cancións españolas de Lorca, Obradors, Granados, Falla, Montsalvage, Groba, Juan Montes, Halffter, Gaos, Baldomir, etc.

Cancións latinoamericanas de concertó de Guastavino, Ginastera, Lecuona, Gisela Hernández, Roig, etc.

Criterios de avaliación:

- Utilizar o esforzó muscular, a respiración e relaxación, adecuados ás esixencias da execución vocal.
- Demostrar o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.
- Interpretar obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética.
- Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade
- Comunicativa e calidade artística.

Para o inicio en 4º curso de Grao Profesional:

El aspirante presentará un programa según lo explicitado en Contenidos para el 3er. curso.

Repertorio orientativo:

Arias de ópera de Mozart.

Lieder de Mozart, Beethoven, Schubert, Schumann, Brahms, etc.

Zarzuelas de Vives, Sorozabal, Guridi, Barbieri, Serrano, Bretón, etc.

Criterios de avaliación:

- Demostrar o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.
- Interpretar obras en galego, castelán, italiano e alemán, cunha correcta fonética.
- Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.

Para o inicio en 5º curso de Grao Profesional:

El aspirante presentará un programa según lo explicitado en Contenidos para el 4º curso.

Repertorio orientativo:

Óperas de Mozart, Rossini, Bellini, Donizetti, Verdi, etc.

Lieder de Schuman, Schubert, Brahms, etc.

Cantatas ou oratorios de Haendel, Vivaldi, Bach, Pergolesi, Carissimi, etc.

Criterios de avaliación:

- Interpretar obras de distintas épocas y estilos, demostrando o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.
- Interpretar obras en galego, castelán, italiano e alemán, cunha correcta fonética.
- Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.

Para o inicio en 6º curso de Grao Profesional:

El aspirante presentará un programa según lo explicitado en Contenidos para el 5º curso.

Repertorio orientativo:

Óperas de Bellini, Rossini, Donizetti, Verdi, Puccini, Britten, Purcell, Menotti, Gershwin, Bizet, Gluck, etc.

Cancións de concertó francesas de Faure, Debussy, Poulenc, Satie, Ravel, etc.

Cantatas ou oratorios de Bach, Haendel, Vivaldi, Pergolesi, Carissimi, etc.

Criterios de avaliación:

- Demostrar o dominio adquirido na execución das obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.
- Interpretar obras en galego, castelán, italiano, francés e alemán, cunha correcta fonética.
- Presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permite o texto musical.

NOTAS SOBRE AS PROBAS

O alumno debe aportar o pianista acompañante salvo que dende o centro faciliten o desempeño da labor por un dos profesores de piano, e debe entregar ao tribunal una lista das obras e copia das partituras que vaia a interpretar.

A interpretación farase no idioma orixinal.

Nos números de conxunto o alumno debe aportar os correspondentes “partenaires”.

CURSO 1º

OBXETIVOS

Tendo en conta, que non existen estudos de grao elemental na especialidade de canto, será necesario, durante este primeiro ciclo de grao profesional, dedicarnos ao ensino dos principios básicos da técnica vocal, pois non podemos partir da base de que estean adquiridos previamente, salvo excepcións. A maioría dos alumnos non haberán nunca desenvolvido ningunha aprendizaxe profesional deste instrumento, cantarán en todo caso de xeito intuitivo e serían, algúns, integrantes de grupos vocais de diversa índole. Así, será necesario que o alumno do primeiro ciclo, adquira un coñecemento suficiente do mecanismo respiratorio e toma de conciencia do uso do corpo, para así adquirir un mínimo control da postura corporal correcta. Será tamén imprescindible dedicar polo menos o primeiro curso deste ciclo a corrección de “vicios” adquiridos no acto espontáneo e intuitivo de cantar.

- Coñecemento das bases de anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio aplicado á voz cantada.
- Realización de exercicios respiratorios adecuados á execución da voz cantada aplicando o seu mecanismo.
- Coñecemento da relaxación así como os seus distintos métodos.
- Realización de exercicios de relaxación para a consecución da mesma durante os exercicios tanto respiratorios como fonatorios.
- Coñecemento das bases da anatomía e fisioloxía do aparello fonador, produción do sonido cantado.
- Realización de exercicios e vocalizacións sempre en legato comenzando con intervalos de segunda e terceira, quintas, por graos conxuntos. Arpexios.
- Coñecemento da estrutura e postura corporal correcta como equilibrio no canto, execución práctica aplicada a cada clase.
- Coñecemento das bases da anatomía e fisioloxía dos resonadores.

- Realización de exercicios aplicados á resonancia do canto. Exercicios boca pechada. Vocais clara e escuras. Consonantes nasales, sordas e sonoras. Exercicios para a flexibilización do paladar blando. Exercicios para a liberación e soltura do maxilar inferior, flexibilización da lingua, relaxación labial, etc.
- La hixiene da voz, consecución dos hábitos beneficiosos para o desenrrolo da voz cantada.
- Autoobservación e escoita da nosa propia voz, mediante crítica sobre grabacións de clases. Imaxen vocal.
- Coñecemento da lingua italiana leiendo con expresión as pezas de canto para a súa posterior execución. Análise fonético e vocal das obras.
- Según o desenrrolo vocal de cada alumno/a, comenزارase o repertorio, co canto de pequenas pezas de Arias Antigas Italianas e Cancións de Concerto Español. O **repertorio existido** para este curso é de **catro obras de calquera xénero e estilo, en galego, castelán e italiano**.
- **Traballo teórico-** Deberá presentar un traballo teórico, que levará a cabo Baixo a supervisión do profesor, que poderá consistir, nunha revisión bibliográfica o una traducción dalgún texto en italiano, relacionado co canto ou a historia do repertorio vocal. Terá un mínimo de 20 páxinas, escritas con letra Arial 12, interlineado 1,5.

CONTIDOS:

- Conceptos de “apoio” e “columna de aire” en relación conla emisión sonora e a relaxación necesaria. Concepto do “control primario” (relación torsocuello-cabeza) según M. Alexander aplicado ao canto. Elementos da“Técnica Alexander” (“O corpo recobrado” de M. Gelb como introducción a mesma, “La Técnica Alexander” de E. Maisel) ou doutras técnicas de relaxación que fundamenten as bases da actitude corporal adecuada para a interpretación no Canto así como a distensión necesaria nos momentos de dificultade (que posibiliten a aplicación da Técnica vaise adquirindo).
- Análisis musical da partitura, tensiones y distensiones da “línea vocal” en función dos reposos cadenciais, tensións e distensións armónicas, “puntos salintes” da melodía e tensións e distensións da mesma, respiraciones musicais e a sua relación ca respiración fisiolóxica (en este nivel no que o alumno non ten coñecementos de Armonía, ditas aportacións correrán a cargo fundamentalmente do profesor e pianista acompañante...)
- Emisión dunhas vocales “reconocibles” dentro de cada tipoloxía de voz con grado xusto de “cobertura” en Castellano, Latino e Italiano (tamén no seu caso Galego, Valenciano, Catalán)

co coñecemento dos “fonemas” e dos signos que os representan en cada caso e análise do texto no seu idioma respectivo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º CURSO:

1.- Demostrar coñecemento e control sobre a respiración e a postura corporal.

Evaluación da coordinación motriz tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio.

2.- Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos.

Evaluación da capacidade do alumno para que desde o comezo dos seus estudos, pida relacionar os seus coñecementos teóricos e técnicos e así lograr unha interpretación adecuada (segundo o seu nivel), na que desenvolva a súa capacidade expresiva.

3.- Interpretar de memoria obras en galego, castelán e Italiano.

Evaluación do dominio e comprensión que o alumno posúe das obras así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro. Os seus coñecementos e comprensión da fonética do texto.

4.- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, demostrando as súas capacidades comunicativas e calidade artística.

Mínimos esixibles

Os contidos mínimos esixibles levaranse á práctica a través do repertorio mínimo esixible dividido por trimestres, deste feito avaliarase a obra que corresponda en dependencia do trimestre aplicando nela os aspectos técnicos. 1º G.P

- Estudo da respiración (aparello respiratorio)
- Vocalizacións.
- Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade, a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico vocal.
- REPERTORIO MINIMO ESIXIBLE:
 - Unha aria antiga italiana. (Primeiro trimestre)
 - Unha canción de concerto española. (Segundo trimestre)
 - Unha canción de concerto galega. (Terceiro trimestre)

CURSO 2º**OBXETIVOS:**

- Dominio e control da respiración costo-diafragmático-abdominal e apoio diafragmático. Exercición corporais para o fortalecemento da parede abdominal. Exercicios para a alineación corporal correcta durante a fonación.
- Aplicación da técnica respiratoria nos exercicios sobre vocalización, en legato, que sexan de intervalos de segundas, terceiras, cuartas, quintas hasta octavas en escalas como tamén arpejos. Exercicios de aumento de presión subglótica. Exercicios para o favorecemento da posición larínxea adecuada.
- Conseguir unha estrutura e postura correcta no momento do canto e mantemento durante toda a execución.
- Aplicación e control da relaxación durante todos os exercicios e obras que se realicen. Exercicios para a diferenciación dos diferentes estados musculares e o logro do ton xusto. Concienciación da colocación da pelvis
- Maior control sobre a colocación e impostación da voz a través dos exercicios. Caixas de resonancias. Puntos de apoio da voz. Función do veo do paladar.
- Seguir coa grabación propia de cada alumno para observar-la propia evolución e afiancamento, así como, da solución dos problemas.
- Dominio do idioma italiano nas obras que se realicen durante o curso. Exercicios de transcripción, fonética e tradución.
- Interpretación das obras realizadas. Coñecementos históricos, estilísticos da evolución do canto. Principais compositores e cantantes nos principios do canto así como audicións de diferentes épocas e estilos. Adestramento da memoria.
- **Repertorio:** Incluirá Pezas do Método vaccai: Da III a VII. 1 Aria de Ópera Italiana, 3 Arias Antiguas y 2 Cancións de Concierto Español (unha delas en galego), 1 obra de calquera xénero (sacra, canción) en calquer idioma, 1 obra a dúas, tres ou catro voces, sendo a súa execución nas audicións programadas, de memoria.
- **Traballo teórico** – Baixo a supervisión do profesor, unha revisión bibliográfica o una tradución dalgún texto en italiano relacionado co canto ou a historia do repertorio vocal. Terá un mínimo de 20 páxinas, escritas con letra Arial 12, interlineado 1,5.

CONTIDOS:

Ademais de continuar vixentes os do 1ª Curso (con maior profundidade) no referente a conceptos de apoio, columna de aire, somera iniciación ao análise da liña vocal, po lo profesor, emisión de vocais naturais en cada tipo de voz, e repertorio en español e italiano; neste curso se planteará ademais:

- Iniciación no estudo teórico da Respiración.
- Iniciación no estudo teórico de determinadas técnicas de relaxación.
- Conocimiento do concepto da pasaxe da voz.
- Exercicio y observación auditiva do timbre personal.
- Continuación ca práctica da memoria auditiva de maneira sistemática, así como a práctica da lectura a 1ª vista e improvisación ca voz (mesmas indicaciónes que o curso anterior).

CRITERIOS DE EVALUACION**1.- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz.**

Se evaluará o coñecemento das características e o funcionamento fisiolóxico do instrumento vocal e o grado de atención e compromiso na utilización das súas posibilidades.

2.- Demostrar coñecemento do texto cantado en italiano.

Se evaluará o nivel de coñecementos adquiridos da lingua italiana, o manexo do uso do diccionario para a tradución literal e poética dos textos cantados.

3.- Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio dos roles que se deriven das necesidades musicais.

Comprobar así a capacidade do alumno para adecuarse as necesidades grupales.

4.- Demostrar unha certa capacidade crítica na audición da propia voz gravada.

Evaluar a capacidade analítica do alumno e a integración dos conceptos técnicos adquiridos.

5.- Cantar en movemento e en postura estática.

Evaluar o grao de disociación adquirido entre tonicidade muscular necesaria para cantar e a relaxación das articulaciónes esqueléticas.

6.- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Evaluar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da súa personalidade artística.

Mínimos esixibles

- Estudo da respiración (aparello respiratorio).
- Vocalizacións. Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias (aparello resoador e fonador).
- Interpretación de obras acordes con cada voz de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico vocal.
- REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE
 - Dos arias antigas italianas (Primeiro e tercer trimestre)
 - Unha canción de concerto española. (Segundo trimestre)
 - Unha aria de Ópera Italiana. (Terceiro trimestre)

CURSO 3º

OBXETIVOS:

Nesta etapa de aprendizaxe o alumno deberá ter adquirida unha técnica vocal básica. É o momento, entón, de empezar a introducir novas habilidades como son: a capacidade de graduar a intensidade do son, e de lograr diferentes cores timbritos segundo os diversos requerimentos que impoñan as obras en canto a expresividade. Haberá así mesmo, que ampliar o dominio do control do aire, o que terá como consecuencia a ampliación do fiato, e mellora do “legato”.

Respecto ao aspecto musical, as habilidades adquiridas nos cursos anteriores, poñen ao alumno en situación de poder estudar as súas obras mais detidamente. Sehay xa un control do aire e da resonancia facial, o alumno poderá deterse no estudo do fraseo, respetando a intención dramática do texto, mediante a análise do mesmo nos planos musical e poético-literario. Será tamén necesario nesta etapa, que o alumno comence a recoñecer a existencia de diferentes estilos, formas e xéneros do repertorio vocal.

Doutra banda introdúcese a signatura de lingua leamá, moi diferente das empregadas ata agora en canto, tanto a fonética coma a gramática. Ao ser unha fonética complicada para un castelán-parlante, será necesario apoiar as clases de idiomas, facilitando ao alumno a integración dos distintos fonemas, desde o correcto uso da articulación e da emisión do son, buscando a resonancia “en máscara”. Máis adiante no 4º curso será necesario que profunde nos aspectos sintáctico-gramaticais que contribúan ao logro dunha autonomía suficiente na tradución dos textos das obras do seu repertorio, particularmente do lied, cuestión complicada posto que se trata de poesía.

- Coñecemento do noso propio sonido cantado, emisión correcta e resonancia aplicada ás características de cada voz.

- Demostrar un control suficiente do aire, mediante o correcto emprego da técnica respiratoria para o logro dunha emisión, afinación e articulación correcta da voz. Exercicios para o aumento da capacidade inspiratoria. Exercicios para a mellora da respiración controlada (o concepto “cantar sull’aria”)
- Demostrar a adquisición dos hábitos de hixiene e coidado, necesarios do instrumento vocal, para así evitar lesións a medio e longo prazo.
- Realización de vocalización en legato sobre intervalos, arpexios e escalas de maior amplitude, axilidades curtas, exercitación con diferentes vocais, exercicios de gradación do son e a homoxeneización do timbre ao longo da tesitura, para o afianzamiento dun maior control da respiración, aumento do fiato, e seu apoio. Fortalecemento da pechadora glótica. Concienciación da presión subglótica na vocalización. Adestramento da sensación de “apoiado” do son, nos diferentes tipos de vocalización: picados, legato, mezza di voce, reguladores, etc..
- Análisis armónico dalgunha das obras máis sinxelas do repertorio e comienzo do seu estudio en lectura a primeira vista.
- Coñecemento e estudio da lingua alemana e amplios coñecementos da italiana. Lectura e comprensión de textos aplicados ao canto.
- Audicións sobre a historia do canto e os seus interpretes, análises das diferentes versións en canto a concepción estilística.
- O control do estrés, técnicas psicolóxicas do seu manexo. Técnicas de reeducación postural. Disociación das diferentes actitudes e esforzos musculares.
- **Repertorio:** Incluirá Pezas do Vaccai leccións VIII e IX, 2 Arias e un Dúo de Ópera, 2 Canciones de Concerto Español (unha delas en galego), 1 Aria e dous números de Oratorio o Cantata, 1 romanza de teatro lírico español e 3 lieder. 1 número de conxunto. Ópera, teatro lírico español e Canción Española serán executados de memoria.
- **Traballo teórico:** Baixo a supervisión do profesor, consistirá unha revisión bibliográfica de textos relacionados coa anatomía e fisioloxía vocal. Aestención mínima será de 30 páxinas escritas con letra Arial 12, interlineado 1,5. Deberá documentarse como mínimo en dous libros e outra documentación como revistas especializadas, etc... (en ningún caso, poderase basear exclusivamente en información obtida por Internet). Ao final do traballo, deberá constar unha relación da bibliografía e documentación utilizada.

CONTIDOS:

- Vocalizacións.
- Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
- Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.

- Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Practica de conxunto.

CRITERIOS DE EVALUACION

1.- Demostrar capacidade de concentración e serenidade antes de cantar

Se evaluará o grao de compromiso corporal e mental que facilite o estado de alerta inicial e necesario ao cantar, como da posterior alternativa acción-relaxación

2.- Mostrar un bo equilibrio postural durante a práctica cantora.

Se evaluará o nivel de conciencia corporal para unha completa unidade funcional vocal e para erradicar tensións innecesarias causantes de compensacións articulares sobrantes e responsables da perda do control do aire.

3.- Interpretación de memoria obras en alemán.

Comprobar así o dominio e a comprensión fonética que posúe o alumno e a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das obras.

4.- Participar nas actividades de interpretación en grupo, asumindo o intercambio dos roles que se deriven das necesidades musicais.

Comprobar así a capacidade do alumno para adecuarse ás necesidades grupais.

5.- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Evaluar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da súa personalidade artística.

Mínimos esixibles

- Vocalizacións.
- Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
- Práctica de extensión gradual cara aos extremos da voz.
- REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE
 - Unha aria de ópera. (Primeiro trimestre)
 - Unha romanza de zarzuela e un Lied (Segundo trimestre)
 - Unha aria de oratorio e unha canción de Concerto Español.(Terceiro trimestre)

CURSO 4º

OBXETIVOS:

- Realizar exercicios de vocalización en legato, con arpejos e escalas máis amplias e con maior dificultade e con algúns exercicios con sonidos picados e a mezcla de ambos, que permitan a extensión gradual da voz en ambos extremos. Adestramento na utilización dos diferentes rexistros. “Mezza di voce”, “Cantar sull’aria”.
- Coñecer as características e posibilidades da propia voz, (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas, etc.) e saber utilizalas correctamente na interpretación.
- Afianzamento da relaxación na execución conciencia, coordinación postural e interpretación das obras que se realicen para unha mellor emisión da voz cantada. Promover o uso de técnicas de manexo e control do estrés, e do medo escénico. Toma da conciencia de tics, vicios posturales empregados no acto de cantar.
- Poñer en práctica a realización dos reguladores na emisión do sonido, crescendo, diminuendo da intensidade e pianísimo. Cantar co alento, incremento da capacidade inspiradora, mediante exercicios de flexibilización torácica. Aumento do control espiratorio, flexibilización da musculatura abdominal no acto inspiratorio, fortalecemento da musculatura abdominal no sostén do alento.
- Maior traballo individual á hora da preparación e execución das obras a estudar. Análisis, lectura, fraseo, dicción..... Coñecer recursos escénicos.
- Seguimos a evolución das audicións na historia do canto e os distintos intérpretes de cada estilo e época. Coloquios.
- Estudo máis avanzado da lingua alemana. Lectura de textos e traducións de obras do propio repertorio para súa mellor entendemento e interpretación.
- Profundar no repertorio vocal alemán: lied, singspiel. Dominar o uso do diccionario como recurso para lograr a tradución libre dos textos escritos en alemán.
- **Repertorio:** Incluirá Pezas do método Vaccaj – lección X ou similares. Leccións 1 e 2 do método Concone (25 lezioni ou vocalizzi op. 10, per il médium della voce), 5 lieder, 2 arias e dous números de conxunto de Ópera con recitativo, 2 romanza e 1 número de conxunto de Teatro Lírico Español, 2 arias de Oratorio con recitativo ou Cantata e 3 cancións de Concerto Español (unha delas en galego). (so os lieder e o oratorio podrán ser executados coa partitura, o resto debe ser interpretados de memoria)

- **Traballo teórico:** O alumno deberá presentar un traballo teórico, das mesmas características que en 3º curso.

CONTIDOS:

- Vocalizacións.
- Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
- Práctica de extensión gradual cara aos extremos da voz.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.
- Técnicas para superar o medo escénico.

CRITERIOS DE EVALUACIÓN:

1.- Mostrar autonomía, en progresión creciente, cara a resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Evaluar a capacidade do alumno para o análise dos problemas técnicos e interpretativos, así como a capacidade para interrelacionar ambos aspectos. Tamén se evalúa o grao de desenvolvemento da percepción das sensacións cinestésicas.

2.- Demostrar coñecemento da expresión do texto en alemán.

Evaluar o nivel de coñecementos e o grao de manexo no uso do dicionario.

3.- Demostrar dominio na interpretación de estudos e obras ligando os aspectos técnicos e os musicais.

Evaluar o desenvolvemento que alcanzou o alumno en canto a hábitos de estudo, capacidade analítica e autocrítica.

4.- Mostrar coñecemento da propia idiosincrasia e das particularidades psicolóxicas que entran en xogo a hora de cantar (con e sen público).

Comprobar o grao de concienciación adquirido polo alumno en canto a características psicolóxicas e estados emocionais que interveñen na interpretación cantada das obras do seu repertorio.

5.- Participar en actividades de interpretación en grupo y audiciones públicas.

Comprobar a capacidade para adecuarse ás necesidades de grupo e para integrar os coñecementos técnicos e musicais adquiridos nas súas clases.

Mínimos esixibles

- Vocalizacións.
- Traballo da intensidade e gradación do son vocal.
- Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.
- Técnicas para superar o medo escénico
- **REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE**
 - Unha aria de ópera e un Lied. (Primeiro trimestre) .
 - Unha romanza de zarzuela e unha Canción de Concerto. (Segundo trimestre)
 - Unha aria cantata ou oratorio. (terceiro Trimestre)

CURSO 5º

OBXETIVOS:

Comenza a etapa de profundización e consolidación dos coñecementos teórico-prácticos. O alumno deberá lograr o suficiente dominio da súa voz para así ser capaz de utilizala na execución dun repertorio de maior dificultade técnica e interpretativa. Nestes momentos o alumno ha de adquirir a capacidade de recoñecer os pasaxes máis significativos dunha obra, desde o punto de vista musical integrando os coñecementos de harmonía e análise, e desde o punto de vista da técnica vocal. Así mesmo, será o momento de profundar na categoría dos diferentes persoaxes que interprete, deberá coñecer non tan só o aria, ou a romanza que execute, senón toda a obra, mediante un traballo de investigación persoal que o motive na procura dunha maior calidade interpretativa.

E importante, que ao finalizar os estudos de grao profesional, o alumno coñezca un amplo abanico de estilos e formas vocais das diferentes épocas. Tamén deberá ter un maior coñecemento das posibilidades da súa voz en canto ao repertorio que lle vaia mellor.

Será o momento de introducir en maior medida o coñecemento de técnicas tetarais que posibiliten unha maior caracterización dramática dos seus personaxes, para iso se fomentará a visualización en video de grandes intérpretes, tanto en recital como en interpretacións escénicas. Propoñerase ao alumno que complete a súa formación neste campo, mediante a participación en actividades de técnica corporal e escena lírica.

Será tamén o momento de abordar a lingua francesa e inglesa, coa seguinte introducción de repertorio nestes idiomas, destacará a “melodie” francesa e o oratorio inglés polas súas vantaxes didácticas, ademáis da opera francesa e inglesa e a música vocal americana.

Débese poñer en xogo a iniciativa persoal do alumno, cara a experimentación propia, como tamén a ampliación de coñecementos de historia da música vocal e de fisioloxía da voz. Aínda que ata agora haberemos fomentado a lectura mediante a esixencia da elaboración de traballos teóricos, o alumno será consciente de que non é posible cegar a ser un intérprete de calidade, por moita técnica vocal que teña aínda cunha intuición vocal fora do común, se ademáis non se ten unha gran cultura musical e xeral. Tamén trataríamos de conseguir ata aquí, que o alumno sexa consciente de que o

seu instrumento é o propio corpo, e que este haberá que mantelo san, mediante a alimentación adecuada para cada un e o logro da inclusión de medidas de higiene vocal nos hábitos cotiáns. Trataremos doutra banda que se consolide a práctica dalgunha actividade física.

- Seguimiento do análisis e lectura a primeira vista dalgunha das obras do repertorio.
- Vocalizacións de maior dificultade en legato e picado de maior fraseo e sobre distintas vocales, exercitando os reguladores de intensidade. Comenzo de exercicios sobre axilidades en vocalizacións amplias. Fisioloxía vocal. Igualación da tesitura, extensión máxima da voz, calidade coas diferentes vocais e con diferentes consonantes sen perda de calidade de son.
- Comenzo da execución de notas tenidas e regulación da intensidade nas mesmas para un maior control do fiato. Os rexistros. Calidades diversas do son. Respiración: inspiración por reacción, técnica de “sostén” do aire en diferentes tipos de frases.
- Desenvolver o uso dos resonadores na máscara, mediante o uso de consonantes nasais e outros exercicios. Exercicios para a mellora do ataque do son, así como a finalización do mesmo. Cromatismos. Practica da mezza voce.
- Lograr un bo desenvolvemento da concienciación corporal que redunde na automatización da postura correcta, a tonicidade e flexibilidade idóneas da musculatura, e no aumento da percepción auditiva correcta. Relaxación, coordinación e coordinación postural. Alineación en movemento. Integración dos diferentes xestos dramáticos co bo uso do corpo.
- Lograr obxectivas as diferentes sensacións corporais e cinestésicas.
- Interpretación de obras, italianas, alemanas e francesas, ca sua correcta dicción, lendo textos e traducións referidas as mesmas. Comenzo do estudo do idioma Inglés. Elección do repertorio propio de cada voz, en dificultade crecente e gradual. Técnicas escénicas. Manexo do medo escénico. Exercicios de concentración, calentamento muscular e vocal en situación de estrés.
- Interpretación de diferentes estilos e épocas. Seguimento de audicións sobre a historia do canto e seus intérpretes, análise e crítica das mesmas.
- **Repertorio:** Incluirá 2 obras do método Vaccaj, da lección XI en adiante, 2 obras do método de canto peri l médium Della voce Op. 10 de concone, 6 lieder (combinando os idiomas indicados), 5 Canciones de Concierto Español (2 delas en galego), 3 arias de Ópera e 2 números de conxunto, 2 romanzas e 1 dúo de Teatro Lírico Español, 2 arias ou número de conxunto de Oratorio con recitativo o Cantata. Opera, Zarzuela e Canción de Concerto Español serán interpretadas de memoria.
- **Traballo teórico-** O alumno comenará a realización dun traballo teórico, que deberá entregar a finalización do grao profesional e que levará a cabo Baixo a supervisión do profesor (na programación referente a 6º curso de canto, explicanse as características do traballo)

CONTIDOS:

- Técnicas para superar o medo escénico.
- Traballo escénico das obras.
- Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.
- Iniciación a interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1.- Interpretar obras de distintas épocas e estilos

Evaluar os coñecementos do alumno, do repertorio vocal e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

2.- Interpretar de memoria obras en francés e inglés

Valorar o dominio e a comprensión fonética que o alumno posúe das obras e a súa capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.

3.- Demostrar dominio na execución de estudos e obras integrando os aspectos técnicos e musicais.

Comprobar o desenvolvemento alcanzado en canto a hábitos de estudo, capacidade de análise e capacidade autocrítica.

4.- Participar en actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio de roles que se deriven das necesidades musicais.

Comprobar a capacidade para adecuarse ás necesidades de grupo.

Mínimos esixibles

- Técnicas para superar o medo escénico.
- Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.
- Traballo escénico das obras.
- REPERTORIO MÍNIMO ESIXIBLE
 - Unha aria de ópera e un Lied. (Primeiro trimestre)
 - Unha romanza de zarzuela e unha canción de Concerto. (Segundo trimestre)
 - Unha aria de cantata ou oratorio e un Lied. (Terceiro Trimestre)

CURSO 6º

OBXETIVOS:

- Realización de vocalizacións sobre arpeخيos, escalas en legato e picado con diferentes vocais e utilización de cambios de intensidade sobre notas tenidas, tamén exercicios sobre axilidades de maior dificultade y amplitude. Trinos, o vibrato e a ornamentación. Exercicios para perfeccionar o ataque do son. Relaxación-respiración e coordinación corporal.
- Mellorar as capacidades auditivas e vocais, dominando o xesto vocal a alineación corporal, control hiperbárico, tonicidade glótica, elasticidade articulatória, etc.... Anatomía e fisioloxía vocal. Hixiene vocal. Lectura e análise de texto sobre técnica vocal e corporal, así como sobre estética vocal.
- Adquirir destreza na lectura e estudo das partituras, e dominar o uso da terminoloxía vocal, favorecedora da comunicación cos demais.
- Estudo da historia do canto nos distintos estilos e épocas así como audicións sobre as mesmas realizadas polos distintos interpretes. Análise das mesmas.
- Coñecementos amplios con dominio dos idiomas Italiano, Alemán, Francés e Inglés con lectura e traducción de textos de obras do propio repertorio, para unha mellor interpretación. Dominar o uso dos dicionarios para a traducción literal dos textos en todos os idiomas.
- **Repertorio:** Inclúe 3 pezas do método Vaccaj, leccións XI ao final, 3 pezas do método Concone, 1 ciclo de cancións de Concerto Español, 2 cancións de concerto en galego, 8 lieder (combinando os distintos idiomas estudados, a procura de que formen un ciclo), 2 arias e 4 números de Ópera (se realizarán dúos, tercetos, cuartetos), 2 arias e 3 números de conxunto de Oratorio ou Cantata e 2 romanzas e 2 números de conxunto do Teatro Lírico Español. As obras de Canción de Concerto Español, Zarzuela e Ópera serán interpretados de memoria.
- **Traballo teórico** – Será imprescindible para superar o curso, presentar un traballo de investigación, sobre un tema relacionado co canto ou o repertorio vocal. Realizarase Baixo a supervisión do profesor e será necesario que o alumno se documente buscando materiais bibliográfico, discográfico, ou calquera outro material documental oportuno. O alumno deberá expoñelo ante os seus compañeiros de especialidade, e volverase a estruturación do mesmo e a bondade da claridade expositiva e didáctica, así como a calidade e amplitud do material documental utilizado que deberá constar ao final do traballo. Realizarase en letra Arial 12, interlineado 1,5 e terá unha extensión mínima de 50 páxinas.

Tamen deberá presentar unha partitura vocal, do seu repertorio, analizada, incluíndo: Aspectos musicais e estilísticos, forma situación histórica, análise armónico, texto, relacións estéticas, etc... e detalles técnicos (respiración, fraseo, articulación, dicción, dificultades dalgúns pasaxes, ornamentación, expresión dinámica e dramática, etc...)

AUDICIÓN FINAL.-

O alumno que finaliza os seus estudos de Grao rofesional terá a posibilidade, máis non he obrigatorio, de demostrar o nivel alcanzado nunha audición final, cun programa de media hora a 45 minutos. A programación deberá ser variada, con diferentes estilos e cantando nos diversos idiomas que aprendeu durante os seus estudos. Farase co fin de que o alumno teña unha motivación extra para o estudo en profundidade da parte do repertorio e que lle sirva de preparación para a proba de acceso ao grao superior.

CONTIDOS:

- Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.
- Traballo escénico e dramaturxico das obras.
- Interpretación escenificada das obras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

1.- Demostrar dominio no uso do esforzo muscular e a respiración adecuados as esixencias da execución vocal.

Evaluar o dominio da coordinación motriz o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a produción vocal e o grao de relaxación necesaria, logrando as disociacións necesarias entre as diferentes partes do corpo implicadas no acto fonador e evitando crispacións provocadoras da perda de control na execución.

2.- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz.

Evaluar a audición interna da frecuencia e o coñecemento das características e do funcionamento orgánico do instrumento vocal.

3.- Demostrar dominio na execución das obras, mediante a integración dos aspectos técnicos e musicais.

Evaluar a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada. Isto é, boa alineación corporal ao servizo dunha correcta emisión e articulación que posibilite a correcta inflexión e intelixibilidade do texto. Dominio dos cambios dinámicos, ao servizo da expresión e capacidade da riqueza timbrica á voz en toda a súa extensión, sendo os dous conceptos, timbre-vocálico, e timbre extravocálico, deben atoparse en sutil equilibrio.

4.- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Evaluar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da personalidade do alumno na elección do repertorio.

5.- Demostrar dominio e control do medo escénico.

Evaluar o coñecemento desenvolvido polo alumno do manexo de técnicas de afrontamento do estrés e da capacidade de concentración desenvolvida durante a execución en público.

6.- Identificar as características que definen o estilo dunha obra musical para situala no seu contexto cultural.

Evaluar os coñecementos do alumno en canto a detalles técnicos e estilísticos das diferentes obras, e o dominio do emprego da fonética adecuada ao canto en relación coas distintas linguas.

7.- Presentar en público un tema monográfico de interese vocal, demostrando claridade de exposición e orientación pedagóxica.

Evaluar a capacidade do alumno para documentarse, desenvolver un tema con fins pedagóxicos e expoñer de forma clara uns obxetivos didácticos.

Mínimos esixibles

- Perfeccionamento da técnica vocal e respiratoria.
- Traballo escénico e dramaturxico das obras.
- REPERTORIO MINIMO ESIXIBLE
 - Unha aria e unha aria de oratorio ou cantata.(Primeiro trimestre)
 - Unha romanza de zarzuela e dos lieder. (Segundo Trimestre)
 - Unha canción de concerto francesa e dúas cancións de concerto (Terceiro trimestre)

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación.

Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación alomenos. Será o criterio do profesor o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna non deberá ser superior ao 50 % das sesións de clase do trimestre. A proba consistirá en interpretar o repertorio mínimo esixible correspondente ao curso no que está o/a Alumno/a.

Neste curso é posible a anulación das audicións e concertos por mor do covid 19 ou problemas na organización da labor do pianista acompañante.

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado que teña pendente de aprobar a materia do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente. A avaliación será continua e cos mesmos parámetros e características que a avaliación ordinaria

Probas extraordinarias de setembro

O procedemento será unha proba no mes de setembro onde o/a alumno/a interpretará polo menos o repertorio mínimo esixible .

PROCEDEMENTO NO CASO DE CLASE NON PRESENCIAL

De ser o caso e ter que realizar as clases de xeito non presencial, vía telemática:

- Os obxectivos serán os mesmos
- Os contidos e repertorio serán os correspondentes aos mínimos esixibles
- Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos.

Tentarase que as videoconferencias se realicen dende un ordenador ou tablet cunha correcta conexión a internet e non dende un teléfono móbil.

As ferramentas de avaliación serán polo tanto as videoconferencias e grabacións.

Levarase rexistro das mesmas no caderno de aula.

DEPARTAMENTO DE CANTO, REPERTORIO E IDIOMAS
APLICADOS AO CANTO

XEFE DE DEPARTAMENTO
PROFESORA DE CANTO, CORO E REPERTORIO:
María Victoria Álvarez Acón